

# **Plan de Acción Tutorial do Grao en Química**

Data validación Comisión de Calidade: 13/07/2016  
Data de aprobación Xunta de Facultade: 19/07/2016

- 1 Presentación
- 2 Ficha básica do PAT do centro
- 3 Obxectivos
- 4 Principios de actuación do PAT
- 5 Axentes implicados
  - 5.1 Equipo decanal
  - 5.2 Coordinación do PAT
  - 5.3 A Comisión de Garantía de Calidade
  - 5.4 Profesorado titor
  - 5.5 Alumnado
- 6 Plan de titorización
  - 6.1 Actuacións de titorización
    - 6.1.1 Actuacións de organización
    - 6.1.2 Actuacións de acollida
    - 6.1.3 Actuacións de apoio e seguimento
    - 6.1.4 Actuacións de carácter formativo
    - 6.1.5 Actuacións de orientación
  - 6.2 Cronograma
- 7 Metodoloxía
- 8 Avaliación
- 9 Anexos I- VI

## 1 Presentación

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Química recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración do alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas.

Supón superar o modelo especificamente académico, só preocupado pola transmisión de coñecementos, e apostar por un modelo educativo en que conflúen ademais funcións socio educativas, baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a, etc.; apóstase, en definitiva, polo desenvolvemento persoal, ademais do académico.

Preténdese ir consolidando unha liña de acción titorial coherente coas necesidades do alumnado, que normalice as distintas accións e acade un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no marco do Espazo Europeo de Educación Superior.

O Plan de Acción Titorial apunta directamente cara á garantía e á adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, á adquisición de competencias do alumnado, á atención á diversidade, á orientación á aprendizaxe etc., recollidos dunha forma ampla tanto nas memorias dos títulos como no sistema de garantía de calidade do centro.

### Situación actual do PAT

Tómase como base o documento do Plan de Acción Titorial aprobado para o Grao de Química no curso 2014-15 e seguido nos curso 2014-15 e 2015-16. Finalizado este e, unha vez analizados os datos recollidos sobre o seu funcionamento, inclúense diversos cambios para intentar mellorar os obxectivos do PAT:

- A todo o alumnado de novo ingreso asignaráselle un alumno mentor (programa MEET-Química, ver Anexo-VI) e un profesor titor.

Durante os últimos anos foron profesores os que exerceron de tutores do alumnado de novo ingreso no primeiro curso. Dende o curso 2016/17 serán os alumnos de cursos avanzados os que se involucran no proceso de orientación dos recen chegados. Outro cambio importante é que se selecciona e forma especificamente ás persoas que participan no programa. Os alumnos novos, *mentees*, son mentorizados por outros alumnos, mentores, e como consecuencia lóxica creemos que mellorará a comunicación e os resultados. Esta idea estase a ver corroborada cos datos xa recollidos nas catro edicións que se levan realizado noutro Centro pioneiro na implantación de dito programa (MEET-Teleco).

O profesor titor nomeado guiará fundamentalmente ao alumnado a partir de 2º de Grao. Con esta medida preténdese alcanzar unha relación de confianza abondo entre o alumno e o titor que permita realmente utilizar o PAT ao longo de toda a súa vida académica para o seu desenvolvemento integral, e establecer unha relación que permita posteriormente consultar co titor aspectos como estudos Erasmus, prácticas externas, etc.

- Para o alumnado de continuación de estudos do Grao, o PAT contempla seguir con o profesorado asignado durante o curso 2015-16, así continuará durante o presente curso

académico titorizando aos mesmos estudantes, excepto que o estudante ou o titor solicite o cambio.

- Continuarase realizando unha primeira reunión xeral para transmitir ao alumnado a utilidade do PAT e tratar de motivar que os alumnos asistan ás reunións. Para iso, nos cronogramas inclúese unha sesión de “presentación do PAT” na 1ª semana do curso.
- Definir no cronograma as datas para reunións de titor-alumnos, así como as dos mentores cos seus mentees.
- Informar e orientar ao alumnado incidindo naquelas necesidades de cada curso, con especial atención aos estudantes de novo ingreso e aos que finalizan os estudos.
- Realizar ao longo do curso varias reunións titor-coordinador do PAT para un mellor seguimento do funcionamento do mesmo, así como reunións dos mentores co Coordinador do Programa MEET do Centro.

## 2 Ficha básica do PAT do centro

Centro	Facultade de Química		
Ámbito de aplicación: titulacións	Grao en Química		
Aplicación temporal do PAT	A partir de <b>setembro de 2016</b> (ata nova modificación)		
Coordinación do PAT	Profesor/a con docencia no Grao en Química designado polo equipo decanal		
Curso de implantación do PAT	<b>2013-14*</b>	Data de aprobación da versión en vigor do PAT	<b>19/07/2016</b>

\* Curso académico de implantación do primeiro modelo de PAT no Grao en Química: 2008-09.

## 3 Obxectivos

O PAT da Facultade de Química pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Establecer un sistema de información, orientación e canalización socio educativa para as alumnas e alumnos de novo ingreso mediante a asignación dun alumno mentor e dun docente como titor.
- Establecer a titoría e a orientación profesional como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante de grao durante o seu paso pola universidade.
- Informar o estudantado sobre o funcionamento do centro.
- Fomentar a implicación dos estudantes na xestión do centro.

- Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar etc.
- Motivar unha participación activa do alumnado de novo ingreso nos distintos aspectos da vida universitaria.
- Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos estudantes.
- Incentivar a participación en programas de mobilidade, así como noutras actividades de carácter específico ou transversal que complementan a súa formación universitaria.
- Ampliar a información sobre as saídas profesionais relacionadas coas ensinanzas do centro.
- Axudar ao alumnado nas situacións persoais que dificulten o seu normal desenvolvemento da actividade académica.
- Intentar reducir a taxa de abandono e aumentar a taxa de graduación.
- Empregar o PAT como unha forma máis de obtención de datos e valoración sobre o propio desenvolvemento e mellora da calidade da titulación.

## **4 Principios de actuación do PAT**

Os seguintes principios constitúen as bases éticas e legais fundamentais de actuación para os distintos implicados no desenvolvemento do PAT:

- Principio de privacidade e confidencialidade. A información non ha de saír das canles e dos procedementos estritos para os que se xera, e será privada e confidencial.
- Respecto aos dereitos do estudantado, segundo as normas da Universidade de Vigo.
- Coordinación e colaboración entre os distintos axentes participantes no PAT.
- Optimización dos recursos do centro e da universidade dispoñibles.
- Elaboración de documentos escritos que permitan a posterior análise e valoración de resultados e a mellora do proceso.

## **5 Axentes implicados**

### **5.1 Equipo decanal**

O equipo decanal participa no deseño do PAT, pero a súa función fundamental está ligada á promoción e ao desenvolvemento deste.

Elevará, para que sexa aprobada pola Xunta de Facultade, a proposta documental do PAT, así como os criterios de selección do profesorado e os criterios de asignación do estudantado

titorizado. Así mesmo, establecerá os requisitos esixidos aos alumnos que queiran participar como mentores e os criterios de selección dos mesmos.

Velará polo cumprimento das accións acordadas e impulsará, xunto coa Comisión de Garantía de Calidade, as melloras oportunas á vista dos resultados obtidos.

## 5.2 Coordinación do PAT

Figura nomeada polo equipo decanal para apoiar o desenvolvemento do PAT. Actúa como interlocutor/a entre os distintos axentes implicados ao recoller a información relevante e ao impulsar a súa mellora. Quen coordine o PAT elaborará un informe ao remate de cada curso académico en que se recollan os resultados de satisfacción, as principais incidencias, así como calquera outra cuestión relevante que se deba analizar.

## 5.3 Comisión de Garantía de Calidade

Como principal órgano de seguimento da calidade no centro, deberá analizar os informes parciais ou finais que lle entregue o coordinador/a do PAT ou calquera axente implicado e determinar as accións de mellora oportunas. Deberá velar porque os procedementos de orientación ao estudantado do sistema de calidade do centro cumpran os requisitos e estean permanentemente actualizados.

## 5.4 Profesorado titor

O labor de titoría susténtase no establecemento dun vínculo académico particular entre os docentes-titores/as e o alumnado titorizado. Trátase dunha relación que permitirá coñecer ao estudantado noutras facetas distintas da netamente docente, posto que se lle vai aconsellar e orientar noutros aspectos da súa vida académica. Esta relación está baseada, fundamentalmente, en principios de confianza, comunicación e respecto entre ambas as partes.

As funcións básicas do profesado titor serán as seguintes:

- Aconsellar o alumnado na toma de decisións académicas de acordo cos seus criterios, gustos, preferencias etc.
- Orientar na solución das dúbidas e inconvenientes burocráticos que no marco do curso académico poidan atopar.
- Promover vías de solución aos problemas transmitidos polos alumnos.
- No caso de detectar algún tipo de necesidade de apoio educativo específica para algún estudante, comunicalo ao coordinador do PAT para que poña o estudante en contacto co Gabinete Psicopedagóxico.
- Transmitir a información precisa sobre os servizos e as actividades que se realizan no centro e na Universidade de Vigo, e poidan ser do interese do grupo de estudantes.

- Informar e fomentar sobre a participación do estudantado nos órganos colexiados do centro e da universidade, nas actividades que se desenvolvan no centro e mesmo no propio PAT e, en xeral, na vida universitaria.
- Recompilar a información necesaria para desenvolver as actuacións do PAT relativas ao seu grupo de alumnado.
- Rexistrar a información de acordo co establecido para a súa posta a disposición da coordinación do PAT e da dirección do centro.
- Asistir ás reunións organizativas e de desenvolvemento do PAT ás que sexa convocado pola coordinación do PAT e/ou a dirección do centro.

### **Criterios de Selección dos/as Profesores-as tutores/as:**

Os criterios de selección dos tutores serán establecidos polo Equipo Decanal en coordinación coa Comisión de Garantía de Calidade.

A distribución de alumnado entre o profesorado-titor será equitativa e partirá do número de alumnos/as totais, téndose en conta necesariamente os seguintes criterios:

1. Poderán ser tutores/as o profesorado do centro con vinculación permanente, xunto co profesorado axudante, axudante doutor e asociado.
2. Un/ha profesor/a non poderá titorizar a alumnos/as de máis de un título.

## **5.5 Estudantado**

Son as persoas destinatarias do PAT. A elas diríxense as actuacións programadas co fin último de favorecer a consecución das súas metas académicas e persoais ligadas á etapa universitaria.

# **6 Plan de titorización**

## **6.1 Actuacións de titorización**

### **6.1.1 Actuacións de organización**

O equipo decanal informará ao profesorado e aos distintos implicados do PAT acerca do desenvolvemento das distintas accións previstas no PAT, da asignación do alumnado entre os tutores/as e da distribución do alumnado de novo ingreso (*mentees*) entre os mentores. (Véxase o Anexo I).

### **6.1.2 Actuacións de acollida**

- Acto de benvida aos estudantes de primeiro curso (a primeira semana do curso académico)
  - O decano/a recibe ao alumnado de novo ingreso.

- O coordinador/a de 1º curso presenta o plan de estudos e as guías docentes, os horarios, os calendarios, etc.
- O coordinador/a do PAT ofrece unha presentación ampla do PAT: dos seus obxectivos, da importancia de participar, das principais actuacións, do programa MEET-Química (Véxase o Anexo VI), etc.

Estas sesións de acollida inclúen tamén información sobre distintos aspectos do centro e dos servizos da Universidade:

- Información do centro (web, aulas, laboratorios, aula de informática, decanato, delegación de alumnos, secretaría de alumnos, etc.)
  - Información sobre a biblioteca (funcionamento e posibilidades que este servizo ofrece).
  - Outros servizos da universidade (deportes, gabinete psicopedagógico, ORI, etc.) (ver Anexo V).
- Ao comenzo do curso, os coordinadores de cada curso farán unha sesión informativa sobre os aspectos máis importantes que afecten o curso (guías docentes, horarios, actuacións do PAT, servizos da universidades, etc.)

### 6.1.3 Actuacións de apoio e seguimento

- Accións co profesorado titor

O profesorado titor asesorará ao seu alumnado, fundamentalmente a partir de 2º de Grao, ao longo de todo o curso académico mediante a programación dun mínimo de catro reunións anuais co seu grupo de estudantes. Na primeira reunión o profesorado titor pedirá ao estudantado que cumprimente o formulario que se atopa no Anexo II.

Así mesmo, o titor/a poderá reunirse co alumnado en calquera momento do curso. O estudantado deberá solicitar unha reunión para concretar a data e a hora. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos, e nos casos que sexa necesario de forma individual. Para facilitar o seguimento establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións cos tutelados/as (véxase o Anexo III).

Como se indicou anteriormente, informarase e orientarase ao alumnado incidindo nas necesidades de cada curso. Indícanse a continuación as accións sobre as que se pretende facer fincapé, segundo os cursos:

#### **1º Grao**

- Coñecemento dos servizos da Universidade (deportes, gabinete psicopedagógico, etc).
- Coñecemento do funcionamento do Centro (decanato, departamentos, delegación de alumnado, etc).
- Importancia do coñecemento das guías docentes de cada materia, dos sistemas de avaliación, etc.
- Planificación e organización axeitada dos estudos para evitar unha elevada taxa de abandono ou de alumnos repetidores.
- Importancia da acreditación de idiomas para os programas de mobilidade



## 2º Grao

- Importancia do coñecemento das guías docentes de cada materia, dos sistemas de avaliación, etc.
- Planificación e organización axeitada dos estudos para evitar a matrícula nun número excesivo de materias.
- Fomentar a participación nos órganos colexiados da Facultade (Xunta de Facultade, etc.)
- Información sobre os programas de mobilidade, que lle permitan planificar con tempo a realización, durante 3º ou 4º curso, de parte dos seus estudos noutra universidade.

## 3º Grao

- Importancia do coñecemento das guías docentes de cada materia, dos sistemas de avaliación, etc.
- Planificación e organización axeitada dos estudos para evitar a matrícula nun número excesivo de materias.
- Fomentar a participación nos órganos colexiados da Facultade (Xunta de Facultade, etc.)
- Información sobre os programas de mobilidade, que lle permitan planificar con tempo a realización, durante 4º curso, de parte dos seus estudos noutra universidade.
- Fomentar a participación nas actividades organizadas pola Facultade (conferencias, charlas de investigación, etc.)
- Informar sobre a optatividade en 4º curso, TFG, prácticas extracurriculares, orientación laboral, etc.

## 4º Grao

- Importancia do coñecemento das guías docentes de cada materia, dos sistemas de avaliación, etc.
- Fomentar a participación nos órganos colexiados da Facultade (Xunta de Facultade, etc.).
- Fomentar a participación nas actividades que se organizan na Facultade (conferencias, charlas de investigación, etc.).
- Informar sobre os servizos de orientación laboral da universidade (Fundación Universidade de Vigo, OFOE, FEUGA, etc.).
- Fomentar a súa participación nas actividades organizadas polo centro relativas á orientación profesional, talleres de emprego, etc.

### 6.1.4 Actuacións de carácter formativo

- Ciclo de conferencias, seminarios e/ou xornadas

Trátase de accións formativas organizadas dende o centro e que complementan a formación das alumnas e alumnos. Permítenlle ao estudiantado participar en contextos de aprendizaxe distintos á aula para potenciar a motivación e mellorar a integración na titulación e no centro.

### 6.1.5 Actuacións de orientación

- Información académica

Sesións nas que se informa ao estudiantado acerca de cuestións de especial interese durante o desenvolvemento dos seus estudos de Grao.

- Orientación académica e profesional

Xornadas de orientación acerca de opcións de continuación de estudos e de aspectos relevantes de cara á súa incorporación ao mercado laboral.

## 6.2 Cronograma

ACTUACIÓN	DATA	OBSERVACIÓNS	RESPONSABLE
Solicitud de alumnado-mentor	Abril-maio 2016	Programa MEET-Química (ver Anexo- VI)	Equipo decanal
Solicitud de profesorado-titor	Xullo 2016		Equipo decanal
Aprobación do PAT	Xullo- Setembro 2016	Inclúe criterios de selección de profesorado-titor e criterios de asignación de estudiantado titorizado	Xunta de Facultade
Asignación de estudantes a titores/as	Setembro 2016	<b>Documento:</b> Anexo I (relación de alumnado e titores/as asignados)	Equipo decanal
Asignación de estudantes de novo ingreso ( <i>mentees</i> ) a mentores	Setembro 2016	<b>Documento:</b> Anexo VI-A (relación de alumnado mentee e mentores asignados)	Equipo decanal
Acto de benvida	Setembro 2016	Alumnado de 1º curso	Equipo decanal Coordinador de Grao Coordinador de curso Coordinador do PAT
Presentación do PAT	Setembro 2016	Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º curso	Coordinador de curso Coordinador do PAT
Reunións titor/a – alumnado	Inicio cuadrimestre Intermedias Remate cuadrimestre	<b>Documentos:</b> Primeira reunión Anexo II – alumnado Todas as reunións Anexo III – titores/as (ficha seguimento) Última reunión fin curso Anexo IV-A – alumnado (cuestionario satisfacción)	Titores/as Alumnado
Reunións titor/a – Coordinador do PAT	Ao longo do curso		Titores/as Coordinador do PAT

Reunións: Mentor – Mentees, Mentor- Coordinador do Centro do Programa MEET	Reunións ao longo do curso	Programa MEET-Química (ver Anexo- VI)	Mentores Alumnado novo ingreso ( <i>mentees</i> ) Coordinador do Centro
Conferencias, seminarios ou xornadas	Ao longo do curso	Formación complementaria	Equipo decanal
Presentación opcións continuación de estudos e outras informacións	Ao longo do curso	Alumnado 3º e 4º	Equipo decanal
Xornadas orientación profesional	Ao longo do curso	Alumnado 3º e 4º	Equipo decanal
Cuestionario de satisfacción	Maio 2016	<b>Documento:</b> Anexo IV-A	Alumno/as
Cuestionario de satisfacción	Maio 2016	<b>Documento:</b> Anexo IV-B	Titores/as
Avaliación do PAT	Xuño 2016 Xullo 2016	Reunión con titores/as <b>Documento:</b> Informe final do PAT	Equipo decanal Coordinador do PAT
Avaliación do PAT	Xullo 2016	Análise do informe final Determinación de accións de mellora	Comisión de Garantía de Calidade
<b>En cursos sucesivos:</b>			
Solicitud de alumnado mentor	Abril-maio		Equipo decanal
Solicitud de profesorado-titor	Xullo		Equipo decanal

Aprobación do PAT	Xullo- setembro	Inclúe criterios de selección de profesorado-titor e criterios de asignación de estudantado titorizado	Xunta de Facultade
Asignación de estudantes a titores/as	Setembro	<b>Documento:</b> Anexo I (relación de alumnado e titores/as asignados)	Equipo decanal
Asignación de estudantes de novo ingreso ( <i>mentees</i> ) a mentores	Setembro	<b>Documento:</b> Anexo VI-A (relación de alumnado e mentores asignados)	Equipo decanal
Acto de benvida	Setembro	Alumnado de 1º curso	Equipo decanal Coordinador de Grao Coordinador de curso Coordinador do PAT
Presentación do PAT	Setembro	Alumnado de 2º, 3º y 4º curso	Coordinador de curso Coordinador do PAT
Reunións titor/a – alumnado	Inicio cuadrimestre Intermedias Remate cuadrimestre	<b>Documentos:</b> Primeira reunión Anexo II – alumnado Todas as reunións Anexo III – titores/as (ficha seguimento) Última reunión fin curso Anexo IV-A – alumnado (cuestionario satisfacción)	Titores/as Alumnado
Reunións titor/a – Coordinador do PAT	Ao longo do curso		Titores/as Coordinador do PAT
Reunións: Mentor – Mentees, Mentor- Coordinador do Centro do Programa MEET	Ao longo do curso	Programa MEET-Química (ver Anexo- VI)	Mentores Alumnado novo ingresso ( <i>mentees</i> ) Coordinador do Centro
Conferencias, seminarios ou xornadas	Ao longo do curso	Formación complementaria	Equipo decanal
Presentación opcións continuación de estudos e outras informacións	Ao longo do curso	Alumnado 3º e 4º	Equipo decanal

Xornadas orientación profesional	Ao longo do curso	Alumnado 3º e 4º	Equipo decanal
Cuestionario de satisfacción	Maio	<b>Documento:</b> Anexo IV-A	Alumno/as
Cuestionario de satisfacción	Maio	<b>Documento:</b> Anexo IV-B	Titores/as
Avaliación do PAT	Xuño Xullo	Reunión con titores/as <b>Documento:</b> Informe final do PAT	Equipo decanal Coordinador do PAT
Avaliación do PAT	Xullo	Análise do informe final Determinación de accións de mellora	Comisión de Garantía de Calidade

## 7 Metodoloxía

A pedagogía actual asenta as súas bases nos principios da interactividade e da construtividade, concedéndolle ao alumnado o protagonismo da súa aprendizaxe, onde o rol do profesor/a-titor/a é de mediador/a e facilitador/a.

Polo tanto, para realizar eficazmente o traballo de titoría, emprégase unha metodoloxía flexible para adaptarse ás diferentes estratexias de aprendizaxe, á diversidade do alumnado e, por suposto, ás súas necesidades particulares.

Preténdese que sexa o alumnado baixo a supervisión e a axuda do titor/a quen asuma a responsabilidade na toma de decisións. O titor/a configúrase como un mediador/a que tenta favorecer:

- A integración do alumnado na vida universitaria e nos procesos de formación.
- A aprendizaxe autónoma do alumnado e a toma de decisións.
- O axeitado desenvolvemento curricular do estudantado.

Tanto no deseño, como na planificación e na implantación do plan é imprescindible a cooperación e a coordinación de todos os axentes que participan nel, e tamén é necesaria a colaboración doutros servizos da Universidade de Vigo.

Con este método de traballo preténdese contribuír ao novo reto que se presenta co Espazo Europeo de Educación Superior, no que se aposta por unha educación baseada en competencias.

## 8 Avaliación

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que achega datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan.
- A idoneidade dos medios e dos recursos empregados para obter os citados resultados.

Os datos da avaliación constituirán un elemento para reflexionar que contribuirá a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral. Constitúe unha ferramenta esencial, xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a súa finalización.

As principais fontes de datos serán:

- Os rexistros do PAT (fichas, anotacións, incidencias).
- Os cuestionarios finais de satisfacción do alumnado e do profesorado (véxanse Anexos IV-A e B).
- Os indicadores de impacto das actuacións (número de actuacións, participación, asistencia, solicitudes do estudantado etc.).

# **Plan de Acción Titorial**

## **9 Anexos**





## Anexo II

Esta ficha pode ser empregada polos/as titores/as que o consideren preciso, como mecanismo para dispoñer dunha información ampla do alumnado que titoriza.

En todo caso, cubrir a ficha é unha acción voluntaria por parte do alumnado que deberá asinar o seu consentimento para empregar a información aportada na mesma de forma exclusiva polo/a titor/a e unicamente no ámbito da titoría. Non poderá polo tanto facerse pública mediante ningunha canle.

A confidencialidade dos datos garantirase sempre de acordo ao establecido na Lei de Protección de datos Lei 15/1999 do 13 de decembro.

Unha vez finalizada a relación titor-alumnado, as fichas deberán ser destruídas de modo seguro e confidencial (exemplo destrutora de papel).

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: FICHA INICIAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES (O alumnado débea cubrir voluntariamente)			
Centro		Ano académico	20__/__
DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A			
Apelidos e nome			Fotografía
DNI			
Curso e titulación			
Teléfono/enderezo electrónico			
Lugar de nacemento			
Data de nacemento			
Enfermidade ou algún tipo de discapacidade			
Domicilio			
Motivación para elixir a titulación			
Actividades do seu interese			
CONTEXTO DE ESTUDO E TRABALLO			
Tipo de residencia (familiar, piso de estudante, residencia, piso propio etc.)			
Forma de sufragar os gastos (axuda familiar, bolsa, traballo etc.)			
Posibilidades de asistencia á clase			
Tempo potencial para o estudo diario			

Forma de tratar o estudo diario (organización en grupo ou individual, como resolve dúbidas etc.)	
Considera importante acudir ás titorías das materias? Emprégaa?	
<b>TRAXECTORIA ACADÉMICA</b>	
Estudos realizados para acceder a esta titulación	
Outros estudos ou formación complementaria	
Gustaríalle ampliar a súa formación? En que temas está interesado/a?	

(.....Nome e Apelidos do alumno/a), autorizo a meu titor/a a empregar esta información de forma exclusiva no ámbito da titoría e a fin de cumprir estritamente cos obxectivos descritos no Plan de Acción Titorial.

Data  
Alumno/a

Sinatura do/a

Anexo III

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL: FICHA DE SEGUIMIENTO DE TUTORÍAS			
Centro			Ano académico: 20__/20__
Curso e titulación			
Data e hora			
Tipo de tutoría	En grupo <input type="checkbox"/>	Grupo: _____	Individual <input type="checkbox"/>
Apelidos e nome(s) do(s) estudante(s)			
Tipo de reunión	Inicial <input type="checkbox"/>	De seguimento <input type="checkbox"/>	Outra <input type="checkbox"/>
Motivo da reunión			
Temas formulados			
Desenvolvemento (Observacións)			
Acordos e compromisos			

## Anexo IV-A

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL:  
CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO

1 Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

Insuficiente	
Suficiente	

2 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Moi mala	
Mala	
Boa	
Moi boa	

3 En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	

4 Valore o grao de utilidade do PAT:

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	


5 Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	
Non	


6 Considera axeitado o sistema de seguimento?

Si	
Non	

7 Que eliminaría do PAT?



**8** Que engadiría?



Grazas pola súa colaboración!

## Anexo IV-B

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL:  
CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO TITOR/A

- 1 Indique o número de reunións con alumnado titorizado que tiveron lugar durante o curso académico:

Número de reunións en grupo	Número
Número de reunións individuais	Número

- 2 Valore a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT (equipo directivo/outro):

Insuficiente	
Suficiente	

- 3 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Moi mala	
Mala	
Boa	
Moi boa	

- 4 Valore a carga de traballo que lle supón o seguimento do PAT:

Ningunha	
Pouca	
Bastante	
Moita	

- 5 Considera que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	
Non	

- 6 Valore o grao de utilidade do PAT de acordo coas experiencias co estudiantado:

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	

- 7 Considera axeitada a metodoloxía empregada?

Si	
Non	

8 Pensa que é axeitado o sistema de seguimento?

Si	
Non	

9 Que eliminaría do PAT?

10 Que engadiría?

Grazas pola súa colaboración!



## Anexo V

SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO DE ESPECIAL INTERESE PARA O ALUMNADO	
<b>Ofoe (Oficina de Orientación ao Emprego)</b> <b>(<a href="http://emprego.uvigo.es">emprego.uvigo.es</a>)</b>	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proporcionar un servizo integral de información, asesoramento e formación no ámbito da orientación profesional para o emprego.</li> <li>- Fomentar as oportunidades de achegamento á práctica e ao exercicio profesional dos universitarios/as.</li> </ul>

<p>Servizos que ofrece</p>	<p><b>Xestión de prácticas en empresas e institucións públicas e privadas</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Prácticas en empresas e institucións: ten como finalidade facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario. As persoas destinatarias son estudantes co 50 % dos créditos, necesarios para obter a súa titulación, superados. O período de realización é ao longo de todo o curso académico, cunha duración máxima de seis meses e xornada de traballo aconsellable de catro horas.</li> <li>- Prácticas para realizar o proxecto de fin de carreira (PFC): ten como finalidade axudar a desenvolver un proxecto de fin de carreira baseado nunha actividade empresarial real. As persoas destinatarias son estudantes que teñan aprobado o tema do PFC. O período de realización é ao longo de todo o curso académico.</li> </ul> <p><b>Xestións de ofertas de emprego</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Finalidade: mediar entre as empresas/institucións e os/as aspirantes a través de ofertas de traballo. Acadar que o titulado/a obteña un posto de traballo a través das ofertas da Ofoe acordes coa súa formación universitaria; así como levar a cabo accións de difusión e captación de empresas/institucións co obxecto de impulsar a súa colaboración coa Universidade de Vigo.</li> <li>- Persoas destinatarias: todos os titulados/as universitarios que cursan total ou parcialmente os seus estudos na Universidade de Vigo e estudantes actualmente matriculados.</li> </ul> <p><b>Orientación e asesoramento individualizado na busca de emprego</b></p> <p>Finalidade: axudar á incorporación ao mercado laboral transmitindo destrezas útiles e necesarias para enfrontarse á primeira busca de traballo.</p> <p><b>Formación para o emprego</b></p> <p>Finalidade: para axudar á inserción laboral dos egresados/as da Universidade de Vigo, a Ofoe organiza un programa formativo que pretende mellorar a súa empregabilidade e, polo tanto, o seu acceso ao mercado de traballo.</p>
----------------------------	---

**Fuvi (Fundación Universidade de Vigo): programa de prácticas, Ofie (Oficina de Iniciativas Empresariais), proxectos europeos, Universia etc.**  
**([www.fundacionuvigo.es](http://www.fundacionuvigo.es))**

<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomentar as oportunidades de achegamento á práctica académica externa extracurricular do alumnado universitario.</li> <li>- Difundir e fomentar o espírito emprendedor no seu contorno, presentando o autoemprego como unha saída laboral alternativa.</li> <li>- Detectar proxectos cun alto contido tecnolóxico xurdido a partir do potencial innovador da Universidade de Vigo.</li> </ul>
<p>Servizos que ofrece</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestión de en empresas e institucións públicas e privadas.</li> <li>- Xestión de ofertas de emprego.</li> <li>- A difusión da cultura emprendedora e o fomento do autoemprego cara á identificación de emprendedores/as no contorno universitario.</li> <li>- A formación de emprendedores/as orientada a fortalecer os coñecementos de planificación e xestión necesarios.</li> <li>- A promoción da innovación cara á detección e á avaliación de tecnoloxías comercializables e á valoración do coñecemento e a innovación con criterios de mercado.</li> <li>- O asesoramento a emprendedores/as na avaliación da idea e a posterior posta en marcha do proxecto.</li> <li>- A xestión de estruturas de apoio.</li> </ul>
<p><b>ORI (Oficina de Relacións Internacionais)</b> <b>(internacional.uvigo.es)</b></p>	
<p>Obxectivo</p>	<p>Centralizar, coordinar e xestionar as actividades de cooperación internacional no seo da Universidade de Vigo.</p>
<p>Servizos que ofrece</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Información e asesoramento á comunidade universitaria sobre os diferentes programas internacionais no ámbito da educación superior.</li> <li>- Fomento e xestión da mobilidade de estudantado propio e estranxeiro, en especial no marco dos programas Sócrates-Erasmus, ISEP, bolsas MAE e programas de cooperación da Universidade de Vigo.</li> <li>- Asesoramento ás persoas candidatas da Universidade de Vigo seleccionadas con estes programas sobre a documentación que deben presentar, a información sobre a contía das bolsas e as posibles axudas complementarias, así como sobre as xestións que teñen que realizar coas universidades de destino; e xestión do pagamento das bolsas e da realización dos informes pertinentes que solicitan as institucións que financian estas bolsas (UE, Axencia Nacional de Erasmus, AECE e ISEP).</li> </ul>

Servizos que ofrece	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestión da aceptación de estudantado estranxeiro que participa nun programa de intercambio; elaboración da Guía do estudante estranxeiro; e asesoramento e dotación de aloxamento e organización de actividades e visitas culturais.</li> <li>- Elaboración e negociación de acordos de cooperación internacional.</li> <li>- Asegurar a presenza da Universidade de Vigo en foros e encontros de educación internacionais.</li> </ul>
<b>Servizo de Bolsas</b> <b>(bolsas.uvigo.es)</b>	
Obxectivo	Garantir as condicións de igualdade no exercicio do dereito á educación e para que todo o estudantado goce das mesmas oportunidades de acceso e permanencia nos estudos superiores.
Tipos de bolsas	<p>Bolsas convocadas por organismos públicos como o Ministerio de Educación e Ciencia; o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte; a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; a Universidade de Vigo, entre outras, así como por entidades concertadas e privadas como a Fundación Caixa Galicia, a Fundación Pedro Barrié de la Maza, La Caixa, Portal Universia SA etc., atendendo a diferentes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- No estranxeiro</li> <li>- Para fillos e fillas de emigrantes</li> <li>- Estudos universitarios xerais de 1.º e 2.º ciclo</li> <li>- Proxecto de fin de carreira e tese de licenciatura</li> <li>- Colaboración ou iniciación á investigación</li> <li>- Créditos para o financiamento dos estudos universitarios</li> <li>- Premios de fin de carreira</li> <li>- Outras axudas</li> <li>- Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (ATIC)</li> <li>- Bolsas para estudos oficiais de posgrao</li> </ul>
<b>Extensión Cultural</b> <b>(extension.uvigo.es/extension_gl/cultura)</b>	

<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acadar a «formación integral» do alumnado, así como que a sociedade sinta a universidade como algo próximo, como unha institución que contribúe á mellora da súa «calidade de vida» e que, en definitiva, se debe á propia sociedade.</li> <li>- Potenciar a dinamización e a organización de actividades de carácter cultural, solidario e deportivo.</li> </ul>
<p>Servizos que ofrece</p>	<p><b>Actividades de carácter cultural</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Convocatoria de cursos de Extensión Cultural: para completar a formación dos membros da comunidade universitaria, de persoas xa tituladas e de profesionais que demandan unha formación permanente.</li> <li>- Convocatoria de obradoiros de Extensión Cultural: para ampliar a oferta formativa e promover así as habilidades sociais diferentes das que forman parte do currículo académico.</li> <li>- Convocatoria de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural: para promover actividades culturais nas súas máis diversas formas (ciclos de conferencias, debates etc.).</li> <li>- Convocatoria de axudas para accións participativas e asociacionismo: para o fomento das actividades organizadas por asociacións integradas por estudantado da universidade coa finalidade de organizar actividades socioculturais.</li> <li>- Programación de Extensión Cultural: trátase dunha programación continuada de actividades culturais que abranguen diferentes ámbitos: música, teatro, cinematografía, exposicións de arte, obradoiros de linguaxe de signos, gastronomía, fotografía etc., e actividades de voluntariado e solidariedade coordinadas pola Osix.</li> </ul> <p><b>Actividades de carácter deportivo</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de ocio-formación: cursos monográficos sobre pontismo, mergullo, ioga, surf, escalada, tenis, xadrez etc.; escolas deportivas nos campus de Pontevedra, Ourense e Vigo (bailes de salón, <i>aerobox</i>, taichí, capoeira etc.).</li> <li>- Actividades de ocio-recreación: programa Delecer (golf, pontismo, <i>rappel</i> voadado, equitación, paracaidismo e parapente); programa Augaventura (descenso de barrancos [<i>rafting</i>], windsurf, mergullo etc.); programa Roteiros culturais (coñecer os referentes culturais máis importantes do noso contorno).</li> <li>- Actividades de competición: competicións internas, interuniversitarias e federadas.</li> <li>- Área de Deporte e Saúde: Unidade de Medicina Deportiva e Unidade de Actividade Física Personalizada.</li> </ul>

<b>Gabinete Psicopedagógico</b> <b>(<a href="http://extension.uvigo.es/extension_gl/psicopedagogico">extension.uvigo.es/extension_gl/psicopedagogico</a>)</b>	
Obxectivo	Ofrecerlle ao alumnado que o precise unha orientación e asistencia, tanto sobre aspectos estritamente académicos como outros máis persoais. Tanto uns como os outros poden influír de maneira negativa no adecuado desenvolvemento do ámbito sociofamiliar.
Servizos que ofrece	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Asesorar o estudiantado na planificación e no desenvolvemento da súa traxectoria académica e profesional.</li> <li>- Adecuar e optimizar as decisións académicas, maximizando a variedade das posibilidades das saídas profesionais.</li> <li>- Incrementar os niveis de autoestima e de motivación persoal e profesional.</li> <li>- Mellorar os hábitos de estudo, a organización dos traballos e aprender distintas técnicas de estudo para acadar un maior éxito ao longo da carreira.</li> </ul>
<b>SIOPE (Sección de Información, Orientación e Promoción do Estudante)</b> <b>(<a href="http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/extension/funcions/siope/index.html">www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/extension/funcions/siope/index.html</a>)</b>	
Obxectivo	Informar e orientar, da maneira máis axeitada posible e con calidade, toda a comunidade universitaria e, por ende, a sociedade en xeral o que a Universidade de Vigo lles ofrece.

<p>Servizos que ofrece</p>	<p>Información xeral académica e administrativa para o alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acceso á universidade (selectividade e preinscrición)</li> <li>- Titulacións da Universidade de Vigo</li> <li>- Titulacións do resto das universidades españolas</li> <li>- Plans de estudos</li> <li>- Bolsas e axudas ao estudo</li> <li>- Programas de formación</li> <li>- Mestrados e cursos de posgrao</li> <li>- Cursos complementarios e de verán</li> <li>- Seguro escolar</li> <li>- Permanencia na universidade</li> <li>- Situacións de matrícula particularizada</li> </ul> <p>Información para alumnado estranxeiro:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Información sobre os servizos ao estudiantado</li> <li>- Residencias universitarias</li> <li>- Servizos universitarios en xeral</li> <li>- Actividades deportivas</li> <li>- Actividades culturais</li> <li>- Actividades científicas</li> <li>- Aloxamento</li> </ul>
----------------------------	--

<p><b>Biblioteca</b> <b>(www.biblioteca.uvigo.es)</b></p>	
<p>Web</p>	<p><a href="http://www.uvigo.es/uvigo_gl/VidaUniversitaria/Biblioteca/">http://www.uvigo.es/uvigo_gl/VidaUniversitaria/Biblioteca/</a></p>
<p>Servizos que ofrece</p>	<p>Os seus servizos inclúen a consulta na sala, o préstamo a domicilio, a información bibliográfica, os recursos electrónicos e o intercambio interbibliotecario, ademais das actividades formativas para os seus usuarios e usuarias.</p> <p>Para facilitar o acceso de docentes, estudantes e persoal da universidade a todos os recursos, os horarios das bibliotecas coinciden cos das facultades e escolas, excepto no período de exames, en que varias bibliotecas permanecen abertas ata a madrugada e durante as fins de semana.</p>

<b>Servizo de Deportes (deportes.uvigo.es)</b>	
Web	<a href="http://deportes.uvigo.es/index.asp">http://deportes.uvigo.es/index.asp</a>
Servizos que ofrece	<p>Ocio e formación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Escolas deportivas</li> <li>- Cursos</li> <li>- Programas de lecer</li> <li>- Aguaventura</li> <li>- Rutas culturais</li> </ul> <p>Deporte e saúde</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade física personalizada ou libre</li> <li>- Medicina</li> <li>- Fisioterapia</li> </ul> <p>Competicións e eventos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Internas</li> <li>- Interuniversitarias</li> </ul>



<b>Centro de Linguas (cdl.uvigo.es)</b>	
Obxectivo	O Centro de Linguas nace co obxectivo de dotar a comunidade universitaria e a sociedade en xeral dun servizo de ensinanza de linguas.
Servizos que ofrece	A oferta de linguas atende a diferentes tipos de demandas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- O interese de alumnado das facultades e das escolas en completar o seu currículo, ao reforzar o aspecto lingüístico.</li> <li>- A necesidade do alumnado estranxeiro, que vén á nosa universidade temporalmente, de seguir cursos de español.</li> <li>- A demanda do persoal investigador de ampliar e completar a súa competencia lingüística, particularmente nas linguas máis empregadas no ámbito científico.</li> <li>- O coñecemento das linguas minoritarias, das linguas propias da nosa comunidade e tamén doutras situacións lingüísticas semellantes, como o catalán, e outras menos próximas.</li> <li>- O interese do Centro de Linguas acada tamén as linguas de signos.</li> </ul>
<b>Servizo médico do campus (www.uvigo.es/uvigo_gl/vida/saude/centro_medico)</b>	
Teléfono	986 813 451
Servizos que ofrece	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Atención de urxencias</li> <li>- Recoñecementos médicos</li> </ul>

## Anexo VI

### PROGRAMA MEET- QUÍMICA

O programa MEET-Química é unha parte fundamental do Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Química consistente nun programa específico de mentorización. Neste programa, o alumnado de novo ingreso (*mentees*) que voluntariamente queira participar no programa será incorporado a un grupo formado por aproximadamente 5 alumnos e un mentor (alumnos voluntarios de cursos superiores). Os mentores serán coordinados, en **grupos de 5 ou 6, por profesores voluntarios**. Tanto os mentores coma os profesores coordinadores, reciben formación específica previa ao inicio do programa.

O programa pretende ofrecer unha tripla oportunidade:

**Para o alumnado mentor** porque, ademais da competencia científica que adquire no Centro, na súa vida laboral (e persoal) necesita de outras habilidades que teñen mais que ver co trato con outras persoas (clientes, xefes, compañeiros, subordinados, ...) e, incluso, co coñecemento e a xestión deles mesmos. MEET-Química dará unha introdución a estes aspectos e, con un enfoque eminentemente aplicado, ofrecerá a oportunidade de ter unha primeira experiencia de liderado, axudando ao crecemento persoal de compañeiros que acaban de chegar.

**Para os alumnos tutelados**, os *mentees*, porque van contar co apoio doutros alumnos que, aínda que con mais experiencia, están moi próximos a eles, coñecen de primeira man os seus problemas e dificultades na incorporación á Universidade e están dispostos a orientalos para que os superen.

**Para o Centro** porque, por unha parte, ademais da capacitación científica, mellorarán outras competencias do noso alumnado mentor, incrementando a súa empregabilidade; por outro lado, os efectos beneficiosos sobre o alumnado mentorizado favorecerán a súa integración, motivación e resultados. É a oportunidade, en suma, para crear unha cultura de organización baseada en aspectos non só académicos.

#### Formación para os mentores:

O Centro, con axuda da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado da Universidade, proporcionará formación específica para o alumnado que se ofrezca, e sexa seleccionado, para o papel de mentor. Esta formación será impartida por profesionais especializados no ámbito dos recursos humanos.

Dende o punto de vista do alumnado mentor, o proceso terá dúas etapas:

- **Etapa de formación:** que se levará a cabo durante os meses de maio/xuño e setembro de 2016.
- **Etapa de mentoring:** ó longo do período lectivo do curso 2016/17.

Acreditarse a formación recibida e a actividade de voluntariado levada a cabo. Ademais, solicitarase á Universidade a concesión de créditos ECTS para o alumnado mentor do Grao.

### **Calendario da etapa de formación para os mentores:**

A formación comezará de xeito inmediato ao rematar os exames da convocatoria de maio e durará dúas semanas aproximadamente na primeira quincena do mes de xullo.

En setembro haberá unha semana de sesións adicionais adicadas ao repaso da formación previa ao verán, á comunicación e ao *mentoring* (con orientación específica para o MEET-Química).

Ao longo do curso haberá tamén obradoiros de seguemento e orientación para os alumnos mentores.

### **Calendario da etapa de mentorización:**

Programaranse, en horario compatible, 4 reunións por cuatrimestre entre mentores e *mentees*. As datas concretas son as mesmas para todos os mentores e figuran nos cronogramas de todos os cursos para asegurar que o alumnado mentor e os *mentees* teñan sempre dispoñibilidade.

### **Compromisos do alumnado mentor**

Os seus compromisos concretos son os seguintes:

- Asistir aos cursos e obradoiros de formación.
- Liderar as reunións cos *mentees* e cubrir as actas que delas se fagan.
- Asistir e participar nas reunións de coordinación de mentores, así como as tres reunións de supervisión ao longo do ano que teñen unha duración de 4 horas.

### **Condições para ser mentor**

O alumnado que desexe participar como mentor debe cubrir un breve formulario (MEET-Química) (<http://quimica.uvigo.es/index.php/meet-quimica.html>) con anterioridade ao periodo de formación de mentores nas datas que indique o Coordinador do Programa na Facultade. Unha vez rematado o proceso de selección, se lles comunicará aos candidatos o resultado do mesmo.

Dado que a Facultade non ten capacidade de ofrecer esta oportunidade de formación a todos os alumnos do Centro, será necesario facer unha selección entre todos aqueles que manifesten interese en participar no programa. Os requisitos que se esixirán aos candidatos son os seguintes:

- Ser alumno/a da Facultade e estar cursando 2.º ou 3.º curso do Grao en Química.
- Ter dispoñibilidade para participar na fase de *mentoring* (non a terán, por exemplo, si van participar nalgún programa de mobilidade –Erasmus, ISEP, Séneca, ...– nese curso académico).

Darase prioridade aos alumnos que estean máis avanzados nos seus estudos. En caso de necesidade podería recorrerse a unha entrevista persoal de selección.

### **Máis información**

O alumnado que desexe máis información sobre o programa, en xeral, ou sobre calquera dos seus aspectos, pode dirixirse ao decanato da Facultade de Química ([decanatoquimica@uvigo.es](mailto:decanatoquimica@uvigo.es)).

ANEXOS do Programa MEET

Anexo VI-A: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: RELACIÓN DE MENTEES E MENTORES ASIGNADOS